

Resumo de Programación

Materia	Ciencias Sociais- Xeografía e Historia
Departamento	Ciencias Sociais
Profesor/a	Crisanto Poveda Gallego
Curso	2º ESO
Contidos	
<u>1ª avaliación</u>	
<ul style="list-style-type: none"> - Identificar as características propias do Islam e a súa repercusión actual no mundo islámico. - Distinguir as clases sociais do feudalismo (nobreza, clero e campesiñado). - Recoñecer a importancia da aparición das cidades na Europa medieval (a burguesía). - Comprende-la importancia das aportacións dos musulmáns na Península (agricultura, artesanía, comercio e cultura) - Elaborar un mapa dos reinos cristiáns e musulmáns durante a Reconquista da Península Ibérica. - Diferenciar os pobos que pasaron por Galicia durante a Idade Media e valorar a súa pegada. - Elaborar unha ficha sobre un monumento histórico da tua localidade ou comarca. (castelo, mosteiro, etc). - Identificar os distintos camiños de peregrinos que chegaban a Santiago. - Recoñecer algúns monumentos dos concellos de procedencia do alumnado e valorar a súa importancia como patrimonio histórico que debemos conservar. 	
<u>2ª avaliación</u>	
<ul style="list-style-type: none"> - Identificar os cambios do paso da Idade media a Idade moderna. - Coñecer os novos descubrimentos xeográficos e as súas consecuencias. - O reinado dos Reis Católicos e a aparición do estado moderno na península. - Coñecer as características principais e artistas máis destacados do Renacemento. - Diferenciar as novas normas da reforma protestantes e as repercusións políticas que ocasionou. - A monarquía Hispánica. Os reis da Casa de Austria. - Situar as grandes exploracións nun mapamundi e valorar a súa repercusión nos pobos conquistados. - Crise e transformación no século XVII. Aparición do Barroco. - Reconocer artistas e escritores do Século de Ouro español. - Coñecer a evolución histórica de Galicia nos séculos XVI e XVII. 	
<u>3ª avaliación</u>	
<ul style="list-style-type: none"> - Comprender as correntes migratorias do mundo e como é a situación actual en España e Galicia. - Elaborar e comprender taxas, gráficos, índices e pirámides de poboación. - Distinguir entre recursos renovables e non renovables. - Explicar a oferta e a demanda como funcionamento do mercado. - Coñecer e diferenciar exemplos concretos do funcionamento da actividade económica en Europa e en España. - Recoñecer as principais características das sociedades europea, española e galega. - Coñecer a organización política-administrativa do Estado español, institucións, normas e formas de participación cidadá. - Coñecer as fases da formación da Unión europea. - Distinguir os países membros actuais da Unión europea. - Saber relacionar países do mundo cos seus respectivos continentes. - Coñecer a organización política, institucións e organismos propios de Galicia 	
<u>Criterios avaliación</u>	
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer a distribución da poboación no mundo, diferenciando rexións e estados pola densidade de poboación, a súa dinámica e estrutura, aplicando os conceptos de superpoboación, migración e envellecemento a distintas escalas. 	

Resumo de Programación

- Interpretar mapas temáticos sobre poboación e elaborar e interpretar gráficos sobre feitos demográficos.
- Coñecer e diferenciar a través da análise de exemplos concretos o funcionamento da actividade económica, os seus mecanismos básicos e os seus axentes.
- Caracterizar e localizar os principais sistemas económicos e analizar os problemas máis significativos de Galicia, España e Europa. Elaborar e interpretar mapas temáticos.
- Identificar, analizar e valorar a división técnica do traballo e as súas consecuencias socioeconómicas. Coñecer a dinámica da sociedade e a organización do mundo laboral con especial referencia a Europa e España.
- Analizar a situación de violación dos dereitos humanos: pobreza, violencia, discriminación, desigualdade e explotación.
- Identificar e localizar as comunidades autónomas españolas, os estados da Unión Europea e os estados do mundo. Interpretar mapas políticos.
- Coñecer a organización político-administrativa do Estado Español, as súas institucións, as normas que as rexen e as distintas formas de participación cidadá, aplicando ese coñecemento en debates sobre feitos de actualidade e en comportamentos e actitudes cotiás.
- Coñecer os principios e fundamentos que rexen as sociedades democráticas e valorar os dereitos humanos como unha conquista irrenunciable da humanidade.
- Destacar a transcendencia da ruptura da unidade do mundo mediterráneo e configuración de tres modelos de civilización distintos: Bizancio, O Islam e a Cristiandade latina.
- Identificar e describir os aspectos socioeconómicos, políticos e ideolóxicos da Europa feudal a a súa evolución ata a aparición do estado moderno.
- Distinguir e situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que se sucederon ou coexistiron na Península Ibérica durante a época medieval, analizando os seus aspectos comúns e as súas peculiaridades.
- Percibir a transcendencia dos aspectos culturais da época medieval e a súa contribución á riqueza do noso patrimonio histórico-artístico.

Metodoloxía e criterios de cualificación e xeito de recuperación

Segundo a normativa vixente as notas expresaranse aplicando unha escala de 0 a 10. Para ser avaliado positivamente na materia o/a alumno/a debe alcanzar un mínimo de 5 puntos, tendo en conto os seguintes aspectos:

- Adquisición dos contidos conceptuais e procedimentais da área, valorando as probas escritas e orais.
- Realización de actividades propostas tanto individuais como en grupo e valoración a través da observación do alumno/a tanto na clase como a revisión periódica do caderno.
- Actitude positiva cara a asignatura: interese e esforzo, colaboración con compañeiros/as e profesorado, actitude respetuosa e corrección no trato.
- A non entrega de traballos específicos, lecturas de libros e tarefas propostas polo profesorado considerarase como cualificación negativa da avaliación.

Para recuperar aqueles aspectos avaliados negativamente o alumno debe:

- Rectificar as actividades que non fixo ou non presentou en tempo e forma correcta.
- Probas concretas orais ou escritas para recuperar os contidos e procedementos que non adquiriu no seu momento.
- Se ten suspensa a asignatura de cursos anteriores deberá realizar traballos e fichas de apoio durante o curso escolar ou superar unha proba escrita no mes de maio.
- O alumno que non sexa valorado positivamente na avaliación ordinaria de xuño terá outra convocatoria extraordinaria no mes de setembro.